Fundación EUGENIO GRANELL

# *FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL*

# *ORZAMENTO EXERCICIO 2021*

1.- PLAN DE ACTUACIÓN 2021.

2.- DESGLOSE DE INGRESOS E GASTOS DE FUNCIONAMENTO E OPERACIÓNS DE FONDO.

3-INFORME- MEMORIA DO PLAN DE ACTUACIÓN E ORZAMENTO 2021.

4.- PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES 2021

5.- CERTIFICADO DE APROBACIÓN PLAN DE ACTUACIÓN 2021

**PROTECTORADO DE FUNDACIÓNS DE INTERESE GALEGO**
**Consellería de Cultura, Educación e Universidade**

| **PLAN DE ACTUACIÓN 2021** |
| --- |
| De conformidade co establecido no artigo 39 da lei 12/2006 de 1 de decembro, de fundacións de interese galego presentase ante o Protectorado o PLAN DE ACTUACIÓN da Fundación sinalada correspondente ao exercicio indicado. |

**DATOS DA ENTIDADE :**

**Nome:** Fundación Eugenio Granell CIF: G15520422
**Domicilio**: Pazo de Bendaña s/n Praza do Toural
**Localidade**: Santiago de Compostela
**Número de rexistro**: 47
**Código Postal:** 15705
**Provincia**: A Coruña
**Correo electrónico**: administracion@fundacion-granell.org
**Teléfono** : 620504179 /981572124
**Persona de contacto**: Paula López Ojea

**DATOS RELATIVOS AO TRÁMITE QUE SE REALIZA:**

Presentación do Plan de actuación anual correpondente ao exercicio 2021
Achégase a seguinte documentación:

* Documento de desglose de ingresos e gastos de funcionamento 2021

*Plan de actuación e memoria explicativa

* Programación de actividades 2021

*Certificado de aprobación do Plan de actuación polo Padroado

| PLAN DE ACTUACIÓN 2021 |
|---|
| De conformidade co establecido no artigo 39 da lei 12/2006 de 1 de decembro, de fundacións de interese galego presentase ante o Protectorado o PLAN DE ACTUACIÓN da Fundación sinalada correspondente ao exercicio indicado |

## I.- ACTIVIDADES DA ENTIDADE

### A) Identificación

| | |
|---|---|
| Denominación da actividade | Actividades Culturais |
| Tipo de actividade | Actividade propia ou mercantil |
| Identificación da actividade por sectores ** | Poboación en Xeral A01 |
| Lugar de desenvolvemento da actividade | Internacional |

### B) Recursos humanos empregados nas actividades propias e mercantís

| Tipo | Número previsto | Nº horas /ano aprox. |
|---|---|---|
| Persoal asalariado | 7 | 1693 |
| Persoal voluntario | 10 | 1200 |

### C) Beneficiaros ou usuarios da actividade

| Tipo | Número previsto |
|---|---|
| Pobación en xeral * | 100.000 |

### D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

| Obxectivo | Indicador | Cuantificador |
|---|---|---|
| Actividades culturais (expositivas, didácticas e outras) | Nº de visitas (inclúense visitas a páx. Web e consultas ao catálogo da biblioteca) | 100.000 |

## II.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE

| *GASTOS DE FUNCIONAMENTO* | *Actividades* |
|---|---|
| Axudas monetarias (doazóns) | 0,00 € |
| Outros gastos (incluídos os gastos explotación ) | 61.989,23 € |
| Gastos de persoal | 234.430,77 € |
| Amortización do inmobilizado | 6.000,00 € |
| Gastos financeiros | 3.000,00 € |
| Outros gastos | 0,00 € |
| **TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO** | **305.420,00 €** |
| ***INVESTIMENTOS*** | |
| Adquisición inmobilizado | 0,00 € |
| Adquisición bens de patrimonio histórico | 0,00 € |
| Adquisición de inmobilizado financeiro | 0,00 € |
| Cancelación débeda non comercial | 0,00 € |
| **TOTAL GASTOS INVESTIMENTOS** | **0,00 €** |
| **TOTAL GASTOS** | **305.420,00 €** |

## III.- PREVISIÓN DE RECURSOS ENCONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

**a) Previsión de ingresos que obterá a entidade**

| ***INGRESOS DE EXPLOTACIÓN*** | ***Actividades Propias*** |
|---|---|
| Ingresos explotación mercantil (vendas e prestación de servizos as actividades propias) | 1.700,00 € |
| Importe das subvencións do sector público | 289.600,00 € |
| Outros tipos de ingresos (usuarios e afiliados, subvencións imputadas ao resultado, ingresos por colaboracións, ingresos por aluguedes) | 9.120,00 € |
| Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio | 3.000,00 € |
| Importe de achegas privadas | 2.000,00 € |
| **TOTAL INGRESOS DE EXPLOTACIÓN** | **305.420,00 €** |
| ***OUTROS RECURSOS*** | |
| *Outros ingresos* | *0,00 €* |
| Alleamento de inmobilizado non financeiro | 0,00 € |
| Alleamento de inmobilizado financeiro | 0,00 € |
| Endebedamento a longo prazo | 0,00 € |
| **TOTAL OUTROS RECURSOS** | **0,00 €** |
| **TOTAL INGRESOS** | **305.420,00 €** |

## IV.- CONVENIOS E COLABORACIÓNS QUE SE PREVÉN CON OUTRAS ENTIDADES

| Descrición | Ingresos |
|---|---|
| Convenio de colaboración co Concello de Santiago de Compostela | 155.000,00 € |
| Convenio de colaboración co Consorcio de Santiago de Compostela | 90.000,00 € |
| Subvención da Deputación da Coruña. | 26.000,00 € |
| Subvencións da Xunta de Galicia | 17.000,00 € |
| Ministerio de Presidencia (Memoria democrática) | 1.600,00 € |
| Convenio de colaboración ca empresa Viaqua S.l | 3.000,00 € |
| Convenio de colaboración ca empresa Aula de Ideas (campamento infantil de verán) | 1.000,00 € |

| INGRESOS E GASTOS DE FUNCIONAMENTO | | | |
|---|---|---|---|
| **INGRESOS** | **ORZAMENTO 2020** | **PREVISIÓN DE LIQUIDACIÓN A 31/12/2020** | **ORZAMENTO 2021** |
| **1.- RESULTADO DE EXPLOTACIÓN DA ACTIVIDADE MERCANTIL** | **2.750,00** | **869,72** | **1.700,00** |
| Vendas de xoias e outros | 1.500,00 | 220,21 | 700,00 |
| Venda de catálogos | 1.000,00 | 612,05 | 800,00 |
| Ingresos por prestación de servicios | 250,00 | 37,46 | 200,00 |
| **2.- OUTROS INGRESOS** | **159.770,00** | **290.097,00** | **303.720,00** |
| ***Subvencións do sector público:*** | ***143.300,00*** | ***287.700,00*** | ***289.600,00*** |
| Concello de Santiago | 155.000,00 | 155.000,00 | 155.000,00 |
| Consorcio de Santiago | 90.000,00 | 90.000,00 | 90.000,00 |
| Deputación da Coruña | 28.000,00 | 26.000,00 | 26.000,00 |
| Xunta de Galicia (Consellería de Cultura) | 15.000,00 | 12.000,00 | 15.000,00 |
| Ministerio da Presidencia,( Memoria Democrática) | 0,00 | 0,00 | 1.600,00 |
| Xunta de Galicia (O teu xacobeo) | 10.300,00 | 4.700,00 | 2.000,00 |
| ***Usuarios e afiliados*** | ***3.270,00*** | ***2.397,00*** | ***2.620,00*** |
| Cotas de amigos | 1.800,00 | 1.300,00 | 1.300,00 |
| Socios da biblioteca | 20,00 | 14,00 | 20,00 |
| Ingresos por visitas | 1.200,00 | 786,00 | 1.000,00 |
| Talleres didácticos e colexios | 250,00 | 297,00 | 300,00 |
| ***Ingresos por promocións patrocionadores e colaboracións*** | ***1.200,00*** | ***0,00*** | ***4.000,00*** |
| Convenio de colaboración ca empresa Viaqua S.l | 1.200,00 | 0,00 | 1.000,00 |
| Convenio de colaboración ca empresa Auda de Ideas ( campamento infantil de verán ) | 0,00 | 0,00 | 3.000,00 |
| ***Rendas de outros ingresos derivados do patrimonio (itinierancias e préstamo de obras)*** | ***6.000,00*** | ***0,00*** | ***3.000,00*** |
| ***Ingreso por alugueres*** | ***6.000,00*** | ***0,00*** | ***2.500,00*** |
| ***Achegas privadas*** | ***0,00*** | ***0,00*** | ***2.000,00*** |
| **TOTAL INGRESOS OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO** | **162.520,00** | **290.966,72** | **305.420,00** |

| GASTOS | ORZAMENTO 2020 | PREVISIÓN DE LIQUIDACIÓN A 31/12/2020 | ORZAMENTO 202 2021 |
|---|---|---|---|
| **1.- CONSUMOS DE EXPLOTACIÓN / VARIACIÓN DE EXISTENCIAS** | **1.000,00** | **1.000,00** | **500,00** |
| **2.- GASTOS DE PERSOAL** | **233.246,67** | **210.538,24** | **234.430,77** |
| **3.-AMORTIZACIÓNS, PROVISIÓNS E OUTROS GASTOS** | **79.273,33** | **67.111,35** | **67.489,23** |
| ***Outros gastos*** | ***74.273,33*** | ***61.111,35*** | ***61.489,23*** |
| Arrendamentos | 1.344,80 | 759,60 | 910,00 |
| Reparacións e conservación | 246,87 | 3.236,60 | 300,00 |
| Mantemento do ascensor | 864,00 | 876,12 | 864,00 |
| Mantemento do aire acondicionado | 0,00 | 1.141,76 | 1.500,00 |
| Mantemento do sistema de alarma | 815,23 | 800,00 | 815,23 |
| Gastos de servicio de limpeza | 4.500,00 | 4.058,74 | 4.500,00 |
| Servizos profesionais | 3.000,00 | 906,43 | 1.000,00 |
| Asesoría fiscal e laboral e informe de experto independente | 4.700,00 | 4.588,00 | 4.700,00 |
| Mantemento software | 2.000,00 | 2.061,75 | 2.000,00 |
| Outros servicios (vixilancia) | 5.000,00 | 4.961,74 | 5.000,00 |
| Servizo de custodia de chaves | 1.000,00 | 707,99 | 1.000,00 |
| Gastos de transporte | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Seguros | 14.600,00 | 14.089,41 | 14.000,00 |
| Servicios bancarios e similares | 2.700,00 | 2.640,00 | 2.700,00 |
| Gastos de auga e basuras | 1.500,00 | 1.273,31 | 1.500,00 |
| Material de oficina | 1.500,00 | 1.093,76 | 1.500,00 |
| Desprazamentos e viaxes do persoal | 300,00 | 111,75 | 100,00 |
| Exposicións e actividades | 16.000,00 | 4.280,12 | 6.800,00 |
| Teléfono | 3.500,00 | 3.408,43 | 2.600,00 |
| Publicacións e prensa anuais | 900,00 | 1.451,55 | 900,00 |
| Gastos de correos | 400,00 | 228,05 | 300,00 |
| Gastos varios | 2.500,00 | 2.371,21 | 2.500,00 |
| Outros tributos | 0,00 | 65,03 | 0,00 |
| Axustes negativos IVE | 6.902,43 | 6.000,00 | 6.000,00 |
| ***Amortizacións e provisións*** | *5.000,00* | *6.000,00* | *6.000,00* |
| **4.- GASTOS FINANCEIROS E ASIMILADOS** | **4.000,00** | **3.680,00** | **3.000,00** |
| **TOTAL GASTOS OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO** | **317.520,00** | **282.329,59** | **305.420,00** |
| **SALDO OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO** | **-155.000,00** | **8.637,13** | **0,00** |

Fundación EUGENIO GRANELL

# *INFORME – MEMORIA DO PLAN DE ACTUACIÓN E ORZAMENTO 2021*

Neste informe preséntase a memoria do plan de actuación para o exercicio 2021, de conformidade co establecido no artigo 39 da lei 12/2006 de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Así mesmo inclúese, unha desagregación máis pormenorizada dos conceptos que dan orixe ás estimacións globais de operacións de ingresos e gastos de funcionamento empregando para elo as partidas correspondentes da conta de resultados.

***O orzamento preséntase equilibrado.***

## *INGRESOS POR OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO*

**O total de ingresos por operacións de funcionamento estímase en 305.420,00€**

Os ingresos orzamentados supoñen un aumento do 4,97%, **14.453,28 €**, con respecto ao previsto na liquidación do exercicio 2020. é unha redución do 3,96% **-12.100,00 €** con respecto ó orzamento 2020.

A desagregación por partidas de ingresos é a seguinte:

### 1).-RESULTADO DE EXPLOTACIÓN DA ACTIVIDADE MERCANTIL

A previsión de ingresos pola venda de mercadorías, catálogos e prestación de servicios, estímase na contía de **1.700,00€.**

### *2*).- OUTROS INGRESOS

A contía global neste epígrafe orzaméntase en **303.720,00 €** o que supón un 4,70% de aumento con respecto a liquidación prevista para o exercicio 2020, é unha redución do 3,64% con respecto ó orzamento 2020.

As partidas mais significativas deste epígrafe son as seguintes:

**2.1)-Subvencións do sector público.**

Orzaméntanse as achegas públicas para o exercicio en **289.600,00 €.** Sen variacións significativas con respecto a previsión de liquidación 2020. As achegas da Xunta de Galicia atópanse en trámites de negociación a data actual.

**2.2)-Usuarios e afiliados.**

A previsión de ingresos nesta partida (cotas de biblioteca, amigos da Fundación, ingresos por visitas, e obradoiros didácticos) estímase en **2.620,00€**, o que supón unha contía sen variacións significativas con respecto ó exercicio anterior.

**2.3)-Ingresos por promocións, patrocinadores e colaboracións.**

A previsión de ingresos recollida neste epígrafe orzaméntase en **4.000,00 €,** inclúense como ingresos, a colaboración ca empresa Viaqua por importe de **3.000,00 €** para a colaboración de gastos expositivos no exercicio 2021. Por importe de **1.000,00** €, estímanse os ingresos pola realización do campamento de verán, levados a cabo pola empresa Aula de Ideas en colaboración ca fundación.

**2.4)-Rendas de outros ingresos derivados do patrimonio (itinerancias e préstamo de obras).**

A data de redacción desta memoria atópase en negociaciós da realización dunha itinerancia co Círculo de Belas Artes de Barcelona por importe de **3.000,00€.**

**2.5)-Ingresos por arrendamentos.**

Orzaméntase por importe de **2.500,00** €, o ingreso en concepto de arrendamentos.

***GASTOS POR OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO***

**O total de gastos por operacións de funcionamento estímase en contía de 305.420,00 €**

Orzaméntanse os Gastos de Funcionamento cun aumento do 8,18% , **23.090,41 €** con respecto ó previsto na liquidación do orzamento 2020 e nunha redución do 3,96 %. **-12.100,00 €** con respecto ó orzamento 2020.

A desagregación por partidas de gastos é a seguinte:

**1)-CONSUMOS DE EXPLOTACIÓN E VARIACIÓN DE EXISTENCIAS.**

Esta partida presupóstase na contía de **500,00 €**, sen modificación significativa con respecto ao exercicio anterior. Non se ten previsto a adquisición de publicacións para este exercicio e estímase que a venda das mercadorías e catálogos non supoñan contías que produzan importes significativos na variación das mesmas.

**2)-GASTOS DE PERSOAL**

Os gastos en soldos e salarios , seguridade social a cargo da empresa e outros gastos sociais presupóstanse en contía total de **234.430,77 €**.

Neste importe inclúese o aumento do 1% do custe de persoal aprobado polo convenio colectivo para o exercicio 2021. A contía varía de forma significativa con respecto a previsión de liquidación exercicio anterior nun importe de **23.890,53,00 €,** o que supón un 11.35 %. Esta variación débese á aprobación, no exercicio 2020, dun erte para as traballadoras e traballadores da entidade por un período de dous meses, debido ó peche do museo, consecuencia das circunstancias sanitarias e das políticas derivadas das mesmas.

**3)- AMORTIZACIÓNS, PROVISIÓN E OUTROS GASTOS.**

A contía global orzamentada estímase en **67.489,23 €**. o que non supón variación significativa con respecto a liquidación prevista para este exercicio.

Non se orzamenta contía ningunha en concepto de provisión por depreciación de existencias, ao ter en conta que as existencias xa se atopan provisionadas.

As partidas de dotacións para amortizacións e as provisións por depreciacións de activos, recóllense, segundo a normativa aplicábel, como gasto por operacións de funcionamento e simultaneamente como aumentos por operacións de fondos.

**4)- GASTOS FINANCEIROS E ASIMILADOS**

Prevense gastos financeiros, para o vindeiro exercicio en **3.000,00 €** contía similar á do exercicio anterior.

Non se prevén gastos en inversións nin gastos extraordinarios.

# FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

## PROGRAMACIÓN 2021

Eugenio Granell, *Paolo Ucello suelta una paloma*, 1974. Óleo/lenzo, 140 x 100.
Colección Fundación Eugenio Granell

Fundación EUGENIO GRANELL

**Fundación Eugenio Granell, Praza do Toral, s/n 15705 Santiago de Compostela**

## INDICE

1. INTRODUCIÓN

2. CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO NOSO LEGADO

3. BIBLIOTECA E ARQUIVO

4. DIDÁCTICA NO MUSEO

5. EXPOSICIÓNS

5.1. Exposicións de fondos

5.1.A. Exposicións que continúan do ano anterior

5.1.B. Novas exposicións

5.1.C. Exposicións de difusión dos nosos fondos

5.2. Exposicións alleas aos nosos fondos

5.2.A. Exposicións que continúan do ano anterior

5.2.B. Novas exposicións

6. ACTIVIDADES NA FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

6.1. As nosas actividades

6.2. Outras actividades de produción allea

# 1. INTRODUCIÓN

A Fundación Eugenio Granell presenta a programación do ano 2021 coa intención de continuar no seu labor de investigación e exhibición do importante legado de Eugenio Granell, non só centrado na propia produción do artista, senón tamén arredor das súas coleccións. O Museo concíbese como un centro de referencia do surrealismo internacional. Neste senso, son habituais as apostas por artistas que, ou ben pertencen a algún dos grupos surrealistas cos que se mantén unha estreita relación, ou ben o seu discurso plástico é afín a esta corrente.

O discurso expositivo artéllase a través de dous eixos principais: por unha banda, as exposicións das coleccións que forman os fondos da Fundación Eugenio Granell, onde atopamos unha nova revisión da obra de Eugenio Granell, a Colección Surrealista e Amparo Segarra. Por outra, as exposicións pensadas para o primeiro andar do museo.

Este ano destacan entre as exposicións dos nosos fondos "Granell: 46 Anos de exilio, as súas causas e a importancia da Amizade, (1939 – 1985)" e "Obra de Mulleres e de Amparo" seguindo coa posta en valor de Amparo e as mulleres surrealistas. Tamén iniciaremos un novo proxecto relacionado co Medio Ambiente cunha serie de mostras a primeira "Medio Ambiente. Santiago". Continuaremos coa difusión do legado de Philip West coa mostra Philip West. O amor e a muller.

Na primeira planta, este ano, presentamos a exposición dedicada a Xulio Maside. A exposición de Cruzeiro Seixas en colaboración coa Fundación Cupertino de Miranda de Famaliçao onde faremos unha mostra da nosa colección Philip West, e seguimos co proxecto "Artista en Residencia" na súa VI edición con Cestola na Cachola.

## Coleccións

Os fondos artísticos que conforman as coleccións do Museo, constitúen a maior colección de arte de vangarda e surrealista de Galicia, así como unha das máis importantes a nivel internacional e nacional. Deste xeito, a Fundación alberga a produción máis representativa de **Eugenio Granell**, así como as súas coleccións.

Eugenio Granell, desde os inicios do seu traballo artístico, mostrou un claro interese polo coleccionismo. Desta forma, ao longo da súa vida, creou unha importante **colección** formada por obras de **artistas surrealistas** (moitos deles amigos persoais), que comprende a mulleres artistas, destacando Maruja Mallo, Susana Wald, Marie Carlier, Penelope Rosemont, entre outras, e autores consagrados, como, Marcel Duchamp, Max Ernst, Joan Miró, Roberto Matta, Esteban Francés, ou artistas máis actuais -Cruzeiro Seixas, Maisonet, Kart-Otto Glotz, Yo Yoshitomé ou Edouard Jaguer-.

A esta colección hai que engadir tamén obras doadas por artistas actuais que pon de manifesto o interese permanente por ilustrar a evolución deste movemento artístico e correntes afíns.

A **colección Amparo Segarra**, compañeira de Granell, componse de 115 colaxes, disciplina na que a artista desenvolveu o seu discurso plástico, destacando a obra conxunta realizada por Eugenio Granell e Amparo que foron as primeiras colaxes de Amparo, iniciando deste xeito a súa traxectoria artística.

No ano 1997, o artista **Philip West** cedeu á Fundación o máis representativo da súa produción plástica, composta por 200 obras, así como a súa biblioteca, composta por máis de 100 volumes sobre o surrealismo.

Por outra banda, a **Colección de Arte Étnica**, está formada por obxectos dos cinco continentes que o artista reuniu movido polo interese surrealista cara ó primitivo. Componse de máscaras, obxectos e xoguetes de diferentes países, tales como Santo Domingo, Polonia, USA, Guatemala, México, Filipinas, Puerto Rico, diferentes rexións e países de África, España e Portugal.

## Histórico

Dende a súa apertura no ano 1995, a Fundación Eugenio Granell, compaxina a exhibición e a promoción da obra de Eugenio Granell, co apoio a outros artistas internacionais, nacionais e galegos, sempre dentro dos esquemas do surrealismo. Concíbese así a través de diferentes áreas interrelacionadas dirixidas por profesionais que establecen diversas liñas de actuación partindo das premisas que conforman a institución, e tamén arredor do proxecto expositivo e museístico.

Na **Área de Conservación-Restauración**, dende o ano 2001, fóronse desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á xestión técnica das colecciónns, a súa conservación e restauración, estudo, documentación e control de movementos. Trabállase non só coas colecciónns museográficas e bibliográficas do museo, senón tamén con pezas depositadas temporalmente para exhibicións. Nos últimos anos incorporouse unha nova liña baseada na educación patrimonial e a conservación. Propoñendo actividades puntuais cuxo obxectivo principal é concienciar sobre a importancia da protección dos bens culturais, como parte da memoria e da cultura da sociedade local e global.

A **Área de Biblioteca** componse de tres Bibliotecas, Biblioteca e Arquivo persoal de Eugenio Granell, a Biblioteca Philip West, ademais da Biblioteca do Museo. Os seus servizos están dirixidos ao público en xeral, investigadores e comunidade educativa: estudantes, educadores, artistas, persoal do museo, etc.

A Biblioteca e o Arquivo persoal de Granell é unha peza clave no estudo da súa personalidade artística e humana, así coma o estudo de toda unha xeración marcada pola Guerra Civil e o exilio. Componse dun fondo de máis de 15.000 volumes que foron recompilados ao longo da vida de Granell. Trátase dunha Biblioteca profesional, práctica e universitaria. Ademais da temática surrealista, correntes afíns a esta e á arte en xeral, cóntase cun importante número de volumes sobre a Guerra Civil e o exilio, así coma edicións doutros ámbitos como a psicoloxía, a literatura, a antropoloxía ou a socioloxía.

A Biblioteca Philip West contén 753 documentos de gran importancia que West, con quen Eugenio Granell mantiña unha estreita amizade, doou á Fundación no 1997.

Por último, a Biblioteca do Museo foi inaugurada en xaneiro de 2001 e está especializada na arte surrealista, ademais de conter fondos de disciplinas como arte contemporánea, audiovisuais, fotografía ou literatura.

A **Área de Didáctica**, creada no ano 1997, pretende estimular a reflexión e o espírito crítico das persoas que nos visitan. O obxectivo é crear un espectador/a activo/a que non só teña a posibilidade de comprender o que ve, senón que tamén poida desenvolver a súa creatividade dentro da nosa institución. Deste xeito, o obxectivo principal é facilitar a comprensión e reflexión das distintas mostras. Dende a súa creación ata hoxe xéranse actividades arredor das diferentes exposicións temporais, dende visitas guiadas a visitas-taller.

Outra das Áreas coas que conta a Fundación é a de **Prensa**, xa que unha das principais tarefas do centro é a difusión das actividades que se realizan na Fundación, ben sexan exposicións, obradoiros, conferencias, etc.; así como aquelas doutras institucións afíns.

A Fundación Granell emerxe, pois, cun papel protagonista no panorama cultural, converténdose nun espazo de referencia para a exhibición e estudo das propostas de artistas surrealistas internacionais e nacionais.

Ademais, os proxectos expositivos complétanse cunha serie de **actividades** (conferencias, charlas no espazo da Biblioteca, ou presentacións de libros, así como outras actividades que a Fundación ven organizando dende fai anos, Mi pieza favorita, Maratón de Lectura, Homenaxe a Valle-Inclán, que teñen como obxectivo primordial achegar o museo aos diferentes públicos da nosa comunidade, tendo un interese especial no contexto da cidade de Santiago.

## 2. CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DOS NOSOS FONDOS

### A. CONSERVACIÓN

Un dos obxectivos xerais desta área vai encamiñado á educación patrimonial. Concienciar e difundir a importancia da conservación preventiva para a protección do Patrimonio e a Cultura abrindo reflexións para futuras estratexias da man dunha serie de actividades puntuais **dirixidas o público xeral** e vinculadas a datas destacadas como son o día Internacional do Restaurador de Arte, o día Internacional dos Museos e o Día Internacional do Patrimonio.

#### a.1 "Ruta surreal ao taller de restauración e almacéns de arte"

Co motivo da celebración do *Día Internacional dos Museos*, a área de conservación da Fundación Eugenio Granell abre un ano máis as portas dos seus almacéns de arte e do taller de conservación-restauración. A visita guiada é realizada pola conservadora-restauradora do museo. Dentro dun ambiente de debate e xogo móstranse os distintos traballos relacionados coa conservación, a restauración, investigación e difusión das coleccións e das súas exposicións. Sen perder de vista a importancia de defender, protexer e promover a Rede Cultural da cidade, dentro e fóra do museo. Concienciando da necesidade de preservar o Patrimonio Cultural en todas as súas formas, como un ben de todos e para todos.

#### a.2 "Visita conservada. Outra forma de mirar"

Visita guiada ás exposicións dos fondos que cada ano abren cun planteamento novo na segunda planta do museo. Dito percorrido é a través da mirada dun conservador restaurador que vai "lendo" o contido, o espazos dende un punto de vista técnico pero cun dircuso accesible o público non especializado. Poñendo en valor os diferentes axentes culturais que participan na conservación e difusión do patrimonio.

#### a.3 "A Conservación en *verde*"

Unha nova mostra dentro da serie de exposicións de carácter divulgativo que leva realizando esta área para facer máis accesible conceptos e accións relacionados co patrimonio e a súa protección. Como foron: Instinto de Conservación (2016); Luz versus "conservación" (2017); Km de conservación (2019).

Ademais busca poñer sobre a mesa temas de actualidade que poden repercutir na maneira de entender a conservación. É o caso deste ano, no que se propón reflexionar en "verde", cor que asociase a temas relacionados coa sostibilidade dos recursos naturais e os cambios que poderíanse aportar.

Seguindo a liña de educación marcada a Fundación implícase tamén co **público máis especializado** colaborando coas universidades, como son a de Santiago d e Compostela, Vigo, Madrid, a Escola Superior de Conservación Restauración de Bens Culturais de Galicia, na formación dos futuros profesionais do sector a través dos seus programas de practicas e voluntariados.

#### a.4 Proxecto ¿Coleccionamos?. VII Edición. 2021.

Proxecto colectivo e colaborativo de difusión dos fondos artísticos do Museo que non se atopan en exposición, e dos traballos relacionados coa súa investigación e exhibición. Unha experiencia dirixida a todo o público interesado en participar nun espazo para coñecer, reflexionar e gozar coa arte e co patrimonio. Unindo o mundo e os recursos virtuais co mundo e os recursos físicos, un binomio definitorio do contexto social actual. Vai vinculado con tema proposto polo ICROM para o Día dos Museos do ano en curso.

**B. DIFUSIÓN DOS NOSOS FONDOS CO PRÉSTAMO DE OBRAS**

***. Colección II***
**Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía. Madrid**
**octubre 2021 - mayo 2022**

Proxecto integral de renovación da colección permanente do Museo Nacional Reina Sofía. A Fundación Granell participa coa cesión temporal de tres pezas das súas coleccións, que se incluirán no 4º andar do proxecto, onde un dos seus obxectivos é a maior presenza do exilio español e os seus artistas dentro do discurso expositivo do museo. Estas pezas son: Eugenio Granell, *Cabeza de indio,* 1944. Óleo/lenzo; *Máscara de morería*. *Moro Muza.* Madeira policromada. Guatemala; *Máscara de vejigante*. Cáscara de coco e madeira policromada. Porto Rico. Así como a presencial en formato dixital de documentos pertencentes ao arquivo e biblioteca Eugenio Granell.

***. Surrealism Beyond Bordes***
**Metropolitan Museum of Art (New York) - Tate Modern (London)**
**04 octubre 2021 al 30 enero 2022 - 25 febrero 2022 al 29 agosto del 2022**

Esta gran exposición ten entre os seus obxectivos principais reformular a comprensión tradicional do movemento surrealista internacional do século XX, como un movemento dinámico e orgánico que ofreceu aos artistas un medio para imaxinar una posición máis alá da súa actual situación artística, social ou política. Esas preocupacións compartidas e intercambios, ofrecen novas perspectivas sobre como unha idea específica, formada nun lugar e tempo, resulta útil para una ampla variedade de artistas nunha multitude de lugares, durante moitas décadas.

Eugenio Granell está presente como un dos exemplos de conexión deses puntos de encontro e axentes que dan forma á actividade surrealista dende a década de 1920 ata a Segunda Guerra Mundial e ata o período radical de posguerra.

A Fundación Granell participa con tres obras dos seus fondos artísticos: Eugenio Granell, *El vuelo nocturno del Pájaro Pí.* 1952.Tempera /cartón; Eugenio Granell *Los blasones mágicos del vuelo tropical.* 1947. Óleo /lenzo; cadáver exquisito de Eugenio Granell, Franklin Rosemont, Jean Jacques Jack Dauben, 1976, tinta sobre papel e varios documentos orixinaris do arquivo e biblioteca Eugenio Granell.

## 3. BIBLIOTECA E ARQUIVO

**1. Charlas na Biblioteca**

Dende o ano 2011, que se incorporaron á nosa Fundación a Biblioteca e Arquivo persoal de Eugenio Granell, foron moitos os investigadores que se achegaron ao seu legado para a realización dos estudos sobre o artista. A Biblioteca da Fundación traballa pola difusión social da obra e figura de Granell, pretendendo animar a potenciais investigadores a achegarse a este polifacético artista a través dos nosos fondos.

A biblioteca está aberta a que os investigadores expoñan nela o resultado das súas investigacións, os seus traballos sobre Granell e o surrealismo utilizando fondos da Biblioteca e do Arquivo da Fundación.

Este ano temos proxectadas as seguintes charlas impartidas polas investigadoras:
**María Aranzazu Serantes**: *Un pasado presente: correspondencia entre Eugenio Granell y Rafael Dieste*.
**Noelia Gamallo**. *As exposicións de Granell en Paris.*

**2. Presentacións de libros**

Presentación da primeira novela do artista polifacético Suso Lista: "***Como a roda do muíño"***

Presentación do libro ***Eugenio Granell. Regreso de un surrealista exiliado*** de Violeta González Forte.

**3. Actividade Surrealismo e Máxia: *Veneficio***

A cargo de Miguel Ponce de León, ten un único personaxe, que comparte ao longo dunha hora reflexiones e recordos que recompilou nuns cadernos. Con apoio nesas memorias aproveita para explicar a súa maneira de entender a estética do cotián e o máxico como algo propio do día a día. A explicación está trufada con efectos de ilusionismo que acompañan e exemplifican a teoría. 4 sesións de febreiro a maio

**4. A biblioteca sae á rúa**

. Celebración do Día do libro (abril).

Continuar coas actividades que ven realizando a biblioteca e que xa se converteron nunha cita obrigada para o público:

. "Libro por libro": pequena feira de troco de libros. Desde o ano 2011 a biblioteca da Fundación Granell conta con publicacións duplicadas (novas e usadas) nas áreas de arte, cultura ou ciencias sociais; así como libros que edita a propia Fundación. Todos se porán a disposición do público en xeral co fin de intercambialos por outros títulos de interese para a institución. En anos posteriores esta iniciativa foi seguida por outras bibliotecas.

. Bookcrossing: dende o ano 2009 a biblioteca da Fundación participa na campaña de Bookcrossing ou Liberación de libros, xunto con outros centros de arte de toda España coordinados polo Museo ARTIUM de Vitoria-Gasteiz. O Día do libro pretendemos ateigar de libros de arte as rúas de cada unha das cidades que participan nesta actividade.

**5. Visitas guiadas individuais ou a grupos**, centrados en estudantes universitarios co obxectivo fundamental de ofrecer unha completa información sobre os nosos fondos.

**6.** Seguimos co noso espazo que alberga **pequenas exposicións** relacionadas coa biblioteca. Na terceira planta do museo. Un xeito dinámico de descubrir os fondos da biblioteca.

## 4. DIDÁCTICA NO MUSEO

A Área de Didáctica confórmase como un espazo polivalente, onde tamén se realizan numerosas mostras de distintos colectivos, artistas e asociacións da nosa cidade. Deste xeito xéranse pontes entre as propostas da institución e os públicos que achegan os contidos aos diferentes sectores da sociedade, o que fai da Fundación Eugenio Granell un centro de referencia cultural e museográfico dedicado ó surrealismo.

A difusión da cultura e a súa comprensión son uns dos obxectivos fundamentais da Fundación Eugenio Granell. Dende o departamento de didáctica, creado no ano 1997, propóñense diversas actividades e opcións nas que os participantes se acheguen á creación dende a súa propia experiencia e posterior reflexión.

No que atinxe aos centros de ensino de primaria e secundaria, as visitas son abondosas e de distinta procedencia.

As actividades que se propoñen dende a Área de Didáctica están pensadas e programadas en función do proxecto expositivo ideado para o vindeiro ano 2021.

**1. Visitas guiadas individuais ou en grupo**

Consisten nun percorrido de 45 minutos de duración polo centro, dando a coñecer a figura de Eugenio Granell, resaltando a importancia da ética do artista e do movemento surrealista. O fin fundamental consiste en ofrecer unha completa información sobre os contidos do museo, explicando as distintas mostras e as características da Fundación.

**2. Visitas-taller**

Visitas ás distintas mostras para desenvolver talleres que se crean sempre como reflexión práctica ou teórica das exposicións visitadas. Neste caso acostuman empregarse actividades relacionadas co surrealismo, tales como colaxes, cadáveres exquisitos, creación de construcións, actividades relacionadas co mundo dos soños, etc. Tanto as visitas guiadas como os talleres realízanse en función das necesidades de cada grupo, dependendo da procedencia, idade, número de visitantes, etc.

**3. Certame de Arte Escolar Eugenio Granell**

Como se fixo dende o ano 2004, a Fundación Eugenio Granell convoca o XVII Certame de Arte Escolar. Poderán concorrer a este certame todos os escolares residentes en Galiza de idades comprendidas entre os tres e cinco, e seis e doce anos.

A finalidade do concurso é promover a creación plástica entre os nenos/as, que presentan as súas obras, que serán seleccionadas por un xurado que determinará os gañadores, ademais dun premio do público.

**4. Difusión de proxectos didácticos en colaboración con centros de ensino**

A Fundación Eugenio Granell leva dende o 2008 realizando un labor de difusión do legado surrealista granelliano nos centros de ensino a través de proxectos específicos onde os docentes reflexionan na aula sobre o feito creativo, reinterpretando obras chave na traxectoria artística de Eugenio Granell. No pasado contamos coa colaboración de distintos centros que amosaron o resultado plástico baseado en diversas obras do artista, co fin de desenvolver a sensibilidade, observación, expresión e orientación espacial, así como o gusto e goce da arte dos máis pequenos.

# 5. EXPOSICIÓNS

## 5.1 Exposicións de Fondos

### 5.1.A. Exposicións que continúan do ano anterior

## . O estudio de Eugenio Granell

Data: Permanente
Comisariado: Fundación Eugenio Granell
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Primeira planta

Este espazo expositivo é unha reprodución do estudo de Granell, unha mostra permanente composta de obxectos e obras de arte que amosan o entorno no que traballaba o artista. Lorena Rodríguez, responsable de Conservación e Restauración da Fundación Eugenio Granell, realiza un importante labor de conservación e mantemento das pezas amosadas no estudio, adecuando o espazo as novas incorporación que se van engadindo temporalmente.

Nesta sala exhíbese un dos seus cabaletes, pinturas propias ou de amigos pintores, os seus bastóns e, nunha vitrina, obxectos persoais como os seus lentes, plumas, xemelgos, gravatas... Tamén conservamos a mesa de traballo na que o artista creaba as súas imaxinativas construcións e unha foto grande na que se lle pode ver sentado na súa mesa de traballo no despacho da súa casa en Madrid. Granell foi un gran afeccionado á obra de San Juan de la Cruz e, entre as figuras da súa colección, hai unha talla do século XVII que se amosa tamén neste estudio.

Na recreación atópanse obras de artistas como Vela Zanetti (Retrato de un campesino leonés, Retrato de Amparo dedicado por Vela Zanetti a Amparo) e así como tres caricaturas nas que aparece Eugenio Granell retratado por Bernard, Ximpa e Gilberto Hernández Ortega, do que tamén se mostra unha obra que son uns estudios de retratos, e de Eugenio D'Ors mostranse uns bosquexos onde se aprecia un retrato de Buñuel. Tamén se adica un apartado especial a obra de Philip West.

Por outra parte, recóllese unha breve mostra de premios que recibiu o artista, de recente incorporación, a través tanto de fotografías coma de galardóns físicos. Entre eles figuran: Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes (Madrid, 1995) ou Medalla de Ouro (Santiago de Compostela, 1997).

## . Homenaxe a Amparo. Retratos de compañeiros no exilio e outros

Datas: 15 outubro 2019 – abril, 2021
Comisariado: Natalia Fernández Segarra
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Salas 2, 3, Sala Amparo. Segunda planta

A exposición iniciase na Sala Amparo na segunda planta do Museo. O pintor, autodidacta, mostra que non só triunfou no surrealismo senón que, igualmente, tiña un ollo incrible á hora de retratar a Amparo, a súa musa, así como a varios dos seus amigos do exilio.

Na República Dominicana, primeiro lugar no exilio, Granell empeza a pintar e debuxar dedicando un gran número de debuxos a súa nova musa: Amparo. A maioría son en tinta ou lapis sobre papel. Igualmente móstranse óleos de interiores e outros que evocan a vida caseira.

Os retratos de amigos son de gran realismo. Moitos son "doodles", garabatos, pero outros son obras surrealistas. Ningún é posado. Están feitos en sobres, papeis soltos con anotacións. Un retrato moi interesante de Lenin: "Retrato gongorino de Juana de la Cruz e Vladimir Ilich Uliánocv", pode verse de dúas maneiras: por un lado vese o retrato de Lenin e polo outro, o da poeta mexicana.

En Porto Rico Granell foi bo amigo de Juan Ramón Jiménez a quen visitaba con frecuencia; especialmente durante unha época na que o Nobel estivo bastante enfermo e deprimido permanecendo moito tiempo na cama. Do seu amigo Vela Zanetti tamén fixo varios retratos. Carta de Granell a Vela; "Tu entereza moral frente a las calumnias es tu mejor retrato." Vela Zanetti sobre Granell: "Siempre recto e implacable cayera quien cayera, como si la memoria la guiara una línea de acero."

A exposición segue un orden cronolóxico. Primeiro a República Dominicana onde se coñeceron moitos dos exiliados mantendo a súa identidade como exiliados españois (Vela Zanetti: "Volví a España a ejercer mi derecho de español."); continuando por Guatemala, Porto Rico, Nova Iorke e finalmente España. Para algúns Porto Rico e Nova Iorke representaron o reencontro xa tendo aceptado o exilio como algo permanente a vez que consolidaran as súas vidas fóra de España. Os vascos, os cataláns, os valencianos, os galegos, os leoneses, todos españois.

## . Granell e as súas amizades surrealistas

Datas: 23 outubro, 2020 - 2021
Comisario: Natalia Fernández Segarra
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Sala 1. Segunda Planta

Esta mostra estivo formada por fondos das colecciónes da Fundación Eugenio Granell: Colección Granell e Colección Surrealista. Xunto a selección de obras de Eugenio Granell mostráronse tamén unha selección de obras dos seus amigos surrealistas. A exposición estruturouse seguindo unha orde cronolóxica cun percorrido polos distintos países nos que Eugenio Granell pasou o seu exilio.

***Amistad***, según Granell, *es esta la palabra que me parece tiene el significado más claro y que ha sabido estar a la altura de la dignidad humana.* (Desgraciadamente, esta dignidade da amizade perdeuse como perdeuse a importancia da cultura, do que también se queixaba Isaac.)

No exilio e a través dos seus moitos amigos, todos puideron sobrevivir a amargura do exilio gracias a sinceiras amizades. Ao regresar a España e a Santiago, Granell retomou a súa amizade con Isaac Díaz Pardo e, a pesares das súas diferencias políticas, souberon respectarse.

**A entrada da sala sitúanse dúas vitrinas dedicadas a Isaac Díaz Pardo "*Celebrando a nuestro amigo Isaac*"**.

**5.1.B. Novas exposicións**

## . Granell: 46 Anos de exilio, as súas causas e a importancia da Amizade, (1939 – 1985)

Datas: 22 abril, 2021 – 2022
Comisario: Natalia Fernández Segarra
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Salas 2 e 3. Segunda planta

A Exposición estará dividida polos países nos que viviron durante o seu exilio. Nas paredes expoñeranse obras creadas no dito exilio, así como citas que aparecerán na biografía que se publicará.

A biografía parte da peregrinación de Granell que asemellou á do Santo Apóstolo quen encontrou sepultura grazas aos tamén amigos, os discípulos Atanasio e Teodoro. Tras a súa inicial visita a Galicia o Santo no tivo éxito y foi decapitado por Herodes Agripa no seu regreso a Palestina. Granell no foi decapitado, mais, baixo o franquismo, sen dúbida, fose outra outra vítima nunha cuneta.

Granell deixa a súa cidade en 1928 e finalmente regresa a España en 1985, creando en 1995, a Fundación Eugenio Granell. Outro lugar de peregrinación para moitos exiliados, fillos e netos destes, así como estranxeiros inspirados polo seu coñecemento e a lealdade de Granell a principios éticos e morais. Con frecuencia os visitantes tamén son coñecedores da historia de España; artistas, investigadores e persoas que coñecen a causa pola que se loitou na guerra civil.

Mentres que o Apóstolo inspirou a creación da magnífica catedral. Granell inspirou a creación da Fundación Granell tamén en Santiago e dedicada, non só ao surrealismo, senón tamén a manter viva a memoria do exilio e dos anos nos que España viviu unha negrísima historia.

A exposición dividirase nos anos nos que viviu o exilio, comezando polos campos de concentración en Francia e, terminando en Nova York.
Veranse obras creadas durante os anos en cada lugar de exilio, citas do autor e dos seus amigos, xa que o énfase tanto da biografía como da exposición, porase na importancia da amizade.

Xunto ás obras de Granell, incluiranse obras dos seus amigos. As citas, igualmente, serán de Granell e dos seus amigos; incluídos, entre outros, os seus irmáns Julio e Mario.

Si a Catedral converteuse en lugar de peregrinación, igualmente, como ocorre cos museos, o Museo Granell converteuse en lugar de visita e apoio de moitos grupos dedicados ao surrealismo que existen en moitos países.

## . Amparo en boa compañía

Datas: 22 abril, 2021 – 2022
Comisario: Natalia Fernández Segarra
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Sala Amparo.  Segunda planta

As colaxes de Amparo irán acompañadas de obras de mulleres artistas dos fondos da Fundación Eugenio Granell.

Son obras de mulleres que coñeceu e foron amigas e outras que non coñeceu .Representan a mulleres que seguiron os pasos do surrealismo a nivel internacional.

Unha das primeiras e a australiana  Hilary Booth, un cariñoso óleo pequeno de dúas figuras, un home e unha muller voando cara o sol.

Amparo coñeceu a  Anne Ethuin e a  Susana Wald, ambas compañeiras de autores surrealistas como ela mesma e que non vivía en España. Anne vivía en París co seu marido Edouard Jaguer quen, hasta a morte de A. Breton en 196?, iniciou o grupo *Phases* que levou a cabo exposicións surrealistas en moitas partes do mundo e publicou  catálogos importantes. Susana Wald primeiro viviu en Canadá onde co seu esposo, Ludwig Zelller, dirixía unha galería de arte surrealista así como publicaban revistas con tema surrealista. Varias veces as dúas parellas viaxaron xuntas en coche desde España para visitar aos surrealistas Cruzeiro Seixas e Mario Césariny e reunirse con outros do grupo surrealista de Portugal.

Verase a forza e o poder destas mulleres. Algunhas vivindo baixo a sombra dos seus maridos saíron adiante con forza e  poder. Establecendo firmemente o seu propio mundo propio.

## . Medio Ambiente. Santiago

Datas: 30 setembro – 5 decembro, 2021
Comisario: Natalia Fernández Segarra
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Salas 4 e 5. Primeira planta

> *Llegará el día en que ni siquiera se podrá comprender qué eran ni para qué servían el aire, ni los árboles, ni los ríos, de la misma manera que por mucho que presumamos de eruditos hoy no podemos explicarnos qué clase de vida se hacía en la Era Terciana. E.F.G., "Un imposible"*

Para a primeira exposición do Medio Ambiente, dedicada a Santiago de Compostela, recorremos a artigos que existen nos arquivos de Eugenio Granell que poden atoparse na súa Biblioteca. María Pita e Eduardo Valiña, axudáronme seguindo as miñas instrucións para encontrar artigos destes temas en ditos arquivos. Engado tamén que Valiña sabe moito do tema da fauna e da flora galega.

En Santiago comezaremos por interesarnos nos diferentes pozos de auga que existen por toda Compostela e que abastecen de auga a cidade; tanto na zona vella como na nova. Tamén estudaremos o Río Sar, parte do que discorre polo Parque Granell e que actualmente o goberno local está intentando limpar e volver ao estado nítido do pasado. Os sumidoiros da cidade demostraron ser parte dos culpables da dita desfeita. Polos sumidoiros corren augas contaminadas polos desperdicios aos que o público contribúe: papeis, botellas e obxectos plásticos, tabaco e cabichas.

Cerca do Auditorio de Galicia hai un lago no que pode verse a escultura de Granell, *Asurbanipal* (maltratada pola choiva e o mal tempo santiagués). En dito lago foron a parar garzas que agora entreteñen aos que viven nos seus arredores así como aos que dan un paseo por dito parque.

A cidade é igualmente rica en fontes. Está a fonte da Praza do Toral coa súa interesante historia con fotos de época nas que poden verse as mulleres recollendo auga. Existe a coñecida e fermosa fonte dos Cabalos preto da Catedral, a Fonte Sequelo na costa pola rúa de Xelmírez, cerca da rúa Caldeirería,así como moitas outras. A capital de Galicia conta con 131 fontes (número por confirmar) de auga potable. Non descarto a fonte que baixa desde a *Librería Follas Novas* á Praza Roxa, fonte que, escalada, causa a impresión de fervenza e axuda, no verán, a goza do ar fresco que emana dela. (Polo visto esta fonte foi destruída; outra pésima decisión dalgún alcalde pouco imaxinativo.)

Esta exposición de 2021 -como todas as que lle seguirán- está formada por artigos dos arquivos, fotografías, libros e escritos de Granell, así como de obras de arte. Ao longo do ano faranse visitas guiadas a diferentes lugares e ofreceremos charlas e conferencias sobre os temas incluídos e os relacionados co medio ambiente. O Conservador xefe organizará actividades asi como visitas a diferentes lugares da cidade.

A exposición de 2022 centrarase en A Coruña; poñeremos énfase no mar, os seus produtos e vexetación. Igualmente poranse citas nas paredes que estarán acompañadas por cadros de Granell que traten o tema. Engadiremos obras doutros artistas como os polbos de Philip West.

A terceira exposición estará dedicada a toda Galicia e a cuarta ao problema universal e, por agora, poñendo énfase no Amazonas. É posible facer unha quinta exposición dedicada a África, o continente máis descoñecido por todos a pesar de conter varias das culturas máis creativas e imaxinativas que temos a sorte de ter neste pequeno mundo que habitamos e compartimos.

Esto é un esbozo do propósito destas exposicións, de especial interese para min, que espero contribúan a que as persoas cheguen a comprender o importante que é coidar o que temos que, desgraciadamente, estase a demostrar que non será eterno.

Na prensa norteamericana de hoxe (6 de decembro 2020) pódese ler un interesante artigo de como en México estase a intentar salvar, a través de novos métodos os arrecifes nos seus mares. Un problema igual afecta as costas de Australia. Na revista dominical deste xornal encóntrase un artigo interesante sobre "A vida social dos bosques". Fala, en gran parte, de todo o que ocorre baixo terra e da infraestrutura nese espacio non visible pero que o que gozamos visual e espiritualmente.

As exposicións desenvolveranse e crearán segundo os cambios que se produzan. Todas incluirán charlas e presentacións de persoas profesionais dos temas.

## . Philip West, o Amor e a Muller

Datas: outubro, 2021 - 2022
Comisario: Natalia Fernández Segarra
Coordinación: Fundación Eugenio Granell.

En 1996 Philip West sabía que os seus días terminábanse. Estaba namorado e sabía que deixaba atrás un futuro prometedor. Nese ano pintou un óleo simbólico e importante, *Vecinos*. A esquerda do lenzo unha M pintada en marrón sobre un fondo laranxa. A M está completamente cuberta de casiñas e edificios. A W en verde, deliñada na cor laranxa e sobre un fondo escuro con tons verdes e negros está enchida de cruces.

A M é Marian a W é West e de forma sinxela e directa o pintor plasmou a realidade de maneira tráxica, aínda que a cor verde ofrece unha visión de esperanza.

A muller está presente na obra de Philip West desde moi cedo. No primeiro óleo que pertence a Fundación Eugenio Granell é unha obra orgánica *Sin titulo*, 1971, que representa o órgano feminino sendo penetrado polo masculino. Entre as obras sobre papel hai unha cera de 1970 con figuras femininas na que predomina a cor rosa.

Nas obras hai peitos, pernas, tacóns, unha muller núa dentro do perfil dunha figura masculina. Mulleres en cemiterios sendo enterradas en escavacións que semellan vaxinas mentres os homes son enterrados en escavacións cadradas. En varias das obras vemos unha parella no acto de facer o amor así como parellas bailando e gozando. Pero tampouco pérdese o tema do acoso á muller como no fresco de fondo que pode verse na obra de 1980 *Uvas rojas. Uvas negras*. *Recuerdo de Aragón*. A figura da muller aparece neste fresco núa e obviamente fuxindo con medo ao ser perseguida por unha ave prehistórica.

Así podemos engadir as diversas figuras de Alice que tanto atraía aos surrealistas. Na obra *Juego de niños*, 1995, poden verse tres retratos de Alice colocados na parede dunha escaleira pola que sube unha figura masculina co "el explorador" (novo personaxe nestes derradeiros anos) ao lombo e sentado nunha cadeira. As imaxes de Alice, unha nena, aparece en tres ‘cadros’; no primeiro, na parte superior da escaleira, o personaxe entreabre unha porta pola que entrará a formar parte no óleo. Na segunda imaxe, de forma ascendente, a nena corre fuxindo dun lume que a persegue pero que tamén forma parte do seu lombo. No último cadro, a nena, vestida de branco, chora.

Pódese dicir que a obra de Philip é narrativa. E así continuaremos con esta exposición en particular.

## 5.1.C. Exposicións difusión dos nosos fondos

### . Philip West. Selva de obxectos fragmentados

Datas: 3 xuño – 19 setembro
Comisariado: Marlene Oliveira e Perfecto Cuadrado
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Lugar: Fundación Cupertino Miranda, Portugal

Viaxe ao surrealismo a través da xenial mirada do artista británico Philip West. A exposición estará formada por unhas elección de obra da Colección Philip West pertencente aos fondos do Museo. Unha selección de óleos e obra sobre papel, realizados polo artista fundamentalmente entre os anos 70 e 90.

**A Colección Philip West. é froito da amizade de Eugenio Granell e Philip West.** En 1997, Philip West cedeu en usufruto á Fundación Eugenio Granell unha gran parte da súa obra e doou a súa biblioteca persoal. Unha importante colección composta por unha coidada selección de pinturas, debuxos, acuarelas e gravados.

**Philip West.** Nacido en York (Inglaterra) en 1949, foi un auténtico produto do surrealismo británico, aínda que non naceu ata despois da dispersión do grupo surrealista orixinal creado polos artistas E.L.T. Mesens e Roland Penrose.

Desde moi novo escolleu e decidiu ir contra corrente. Non lle interesou seguir os preceptos do expresionismo abstracto americano, nin do pop art, nin do incipiente arte conceptual, que prevalecía naqueles anos. Decatouse que o seu era outro tipo de expresión. Así West decide comezar a súa andaina artística a través de posicións próximas ó Surrealismo, que servía daquela como un dos modos de expresión nos ámbitos minoritarios do Underground inglés. E subliñaba tamén o propio artista, como unha das causas do seu posible achegamento ó Surrealismo, a máis da súa ética libertaria, a magnífica colección de arte de surrealista que posúe o museo de Brigton, cidade onde realiza os seus estudos de Belas Artes e Historia da Arte, véndose moi influído na súa etapa formativa por artistas como Magritte, De Chirico e Max Ernst.

Comeza a súa produción principiando os anos setenta. No seus inicios forma parte do pequeno grupo creado polo escritor John Lyle arredor da revista *Transformaction.* Máis tarde colaborou coa revista danesa de orientación surrealista *Brumes Blondes,* a través da cal comeza a súa actividade co histórico grupo surrealista Phases; principalmente en Francia, Holanda, Portugal e Bélxica. Pouco despois deixou o seu país natal para instalarse en España, máis concretamente en Aragón. Despois dunha breve estancia no noso país trasládase a Venezuela, recalando finalmente de novo en Aragón, onde traballou con diferentes grupos surrealistas, destacando a súa participación en *Liaison* con Eugenio Granell.

## 5.2. Exposicións alleas aos nosos fondos

### 5.2.1. Exposicións que continúan do ano anterior

### . Carlos Maside. [Patrimonio de Galicia]

Datas: 23 xaneiro, 2020 – 31 decembro, 2021
Coordinación: Fundación Eugenio Granell

A exposición compúxose de 21 pezas entre óleos, acuarelas, gouaches e debuxos.

Carlos Maside, Pontecesures, 1897 - Santiago de Compostela, 1958.

Pasou a súa infancia e adolescencia en Padrón ata 1917 que se trasladou a Madrid para cumplir o servizo militar, onde se puxo en contacto co grupo de debuxantes gráficos, que é ao que se adicou á súa volta a Galiza.

En 1923 participou nunha exposición de caricaturas. Traballou nos xornais: El Pueblo Gallego e El Faro de Vigo nos que se encargaba de facer as viñetas, sempre nun tono satírico.

No 1926, co apoio da Diputación de Pontevedra, matriculase nunha academia de pintura en Paris, alí dedicase a visitar museos e a achergarse á vanguardia abstracta.

Volta a Galicia no 1931, viviu en Vigo e Santiago, onde montou a súa primeira exposición individual, formada por guaches, debuxos expresivos e populares.

Durante a guerra civil sufriu unha parada artística da que non se recuperou ata 1945 cando de novo retoma a súa inquedanza creadora.

## . Matria. Reina D'Hoore. Artista en residencia V edición

Datas: 10 decembro, 2020 – 7 marzo, 2021
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Salas 4 e 5. Primeira planta

No ano 2016 pola directora da Fundación, Natalia Fernández Segarra, iniciouse a actividade "Artista en Residencia". Os artistas dispoñen dun espacio na sede da Fundación para traballar e crear. Ao final de ano mostrase o seu traballo ao público nunha exposición.

A exposición ***MATRIA*** de **Reina D'Hoore** é o resultado dun longo proceso de investigación que sae do seu traballo "Et in Arcadia Ego" (2016-2020), un *memento mori* que nos lembra que no paraíso bucólico tamén está a morte. Partindo desa polaridade vida e morte, Reina D'HOORE investiga o seu propio paraíso, súas raíces maternas galegas e o seu patrimonio.

O desenvolvemento da idea inicial realizouse a través da investigación sobre a morte de Kübler Ross (médico), entre outros, o estudio de textos antropolóxicos sobre a morte en diversas culturas e a observación da natureza nas súas andainas diarias que a levan a cuestionar os valores da sociedade actual. Tal e como fai Thoreau en "Walden" (escritor e filósofo).

Reina D'HOORE, entre outras cousas, recolle osos e refugallos da natureza e engádelles valor como se facía antano nos enxovais funerarios. Aplícalles o ouro, tan importante nas nosas lendas, á vez que nos lembra como coidamos as nosas raíces, mostrándonos a nosa cegueira ante a nosa ignorancia colectiva ante a natureza que nos rodea.

Trátase tamén dunha reflexión sobre como a sociedade patriarcal e neoliberal abusa da natureza e dos máis vulnerables. A través da súa obra, reclama un cambio de paradigma que permita o regreso ás orixes da civilización, a retomar o vínculo coa natureza, co desexo, coas cores emotivas, cun discurso íntimo cos propios límites así como unha visión que transcenda fronteiras e aporte un compromiso e un discurso educativo, a veces rompedor...

Todas estas propostas enriquécense con diferentes técnicas, como o frottage, o debuxo, a escultura coa finalidade de ofrecer unha visión interdisciplinar dunha arte "rotatoria".

**5.2.2. Novas exposicións**

## . Xulio Maside. Parellas

Datas: 18 marzo – 23 maio, 2021
Comisaria: Esther Rodríguez Losada
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Salas 4 e 5. Primeira planta

A exposición mostrará a obra realizada polo pintor Xulio Maside de 2014 a 2020 .

O ano 2014 é a data da última exposición de Xulio Maside, antolóxica, celebrada no Auditorio de Galicia e comisariada por Mercedes Rozas.

A presente produción comprende cerca de 100 obras das que se fará unha minuciosa escolla atendendo á súa maior visibilidade e beleza en relación cos espazos das salas 4 e 5 da primeira planta da Fundación Eugenio Granell.

Pretendemos facer unha montaxe cunha secuencia didáctica e amena na que se podan poñer de relevo as características propias da pintura de Xulio Maside.

A exposición incluirá tamén un vídeo.

**Xulio Maside (Vigo, 1933)** Reside en Santiago de Compostela desde moi xove . Realiza estudios de medicina na Universidade de Santiago de Compostela, convivindo, ao mesmo tempo, con Carlos Maside, o seu tio, este contacto conformará en grande medida a súa personalidade artística. Encadrado no que poderíamos denominar xeración dos anos cincuenta.

No ano 1960 vive en Madrid, onde coincide con Tino Grandío, Casalonga e toma contacto coa pintura castelán. No 1963 encóntrase residindo en Barcelona e coñece a pintura catalá e estuda gravado e litografía. Regresa a Santiago no 1965, ano no que cofunda "Estampa popular galega".

Preocupado polo debuxo, ten unha grande capacidade para o debuxo, e ilustrador de libros, revistas e prensa.

En 1962 realiza a súa primeira mostra individual en Santiago e posteriormente en diversas galerías de Galicia e resto de España e a súa obra está recollida en múltiples coleccións de Galicia, Madrid, Barcelona, Alemania, Puerto Rico, Estados Unidos...

A súa actitude artística atende constantemente á evolución plástica e abarca diversos campos como o debuxo, gravado, colaxe e o óleo.

Os seus comezos o sitúan dentro do ámbito da abstracción máis adiante iníciase no campo da figuración e a figura humana será unha constante preocupación na súa obra converténdose nun relato da problemática do home como ser que existe fronte as súas preguntas esenciais.

Xulio Maside é un pintor entregado a unha larga etapa de aprendizaxe, el mesmo entende a pintura como quen emprende unha longa viaxe, como unha experiencia que marca o norte do proceso creativo.

## . Cruzeiro Seixas

Datas: 3 xuño – 19 setembro, 2021
Comisariado: Marlene Oliveira
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Colaboración: Fundación Cupertino de Miranda, Famaliçao
Ubicación: Salas 4 e 5. Primeira planta

**Artur Manuel Rodrigues do Cruzeiro Seixas** foi pintor e poeta. Naceu en Amadora o 3 de decembro de 1920 e faleceu o 8 de novembro de 2020 en Lisboa, a poucos días de completar 100 anos de idade. Considerado un dos principais representantes do Surrealismo en Portugal cunha extensa obra e produción incansable, deseñou a partir do soño e da imaxinación, sen ningunha imposición estética ou mesmo moral.

Frecuentou a Escola de Artes Decorativas António Arroio, entre 1935 e 1941, onde estableceu amizade con Fernando José Francisco, Mário Cesariny, António Domingues, Fernando de Azevedo, Marcelino Vespeira, Júlio Pomar, entre outros. Frecuentaba o Café Herminius na Avenida Almirante Reis (Lisboa), local de encontro de intelectuais que se reunían para ter acceso aos libros prohibidos pola PIDE e que por falta de recursos económicos frecuentaban asiduamente as librerías.

Atravesou unha fase expresionista-neo-realista, mais desde cedo tomou parte no movemento Surrealista que respondía a súa necesidade de liberdade en termos estéticos, creativos, sociais e ideolóxicos. En 1948 integrou o grupo *Os Surrealistas* con António Maria Lisboa, António Paulo Tomaz, Carlos Calvet, Carlos Eurico da Costa, Fernando Alves dos Santos, Fernando José Francisco, Henrique Risques Pereira, Mário Cesariny, Mário Henrique Leiria e Pedro Oom. Dedicou especial atención as formas de arte contrarias ao estatuto de artista nunha valoración do traballo feito por persoas desprovidas de formación artística.

En 1951, alistouse na Marinha Mercante, viaxando pola Índia, Extremo Oriente e África, e residiu en Angola en 1952. En Luanda, iniciou a súa colección etnográfica, escribiu os primeiros poemas e traballou no Museo de Angola onde realizou exposicións en formatos absolutamente novos para o país. Co estalido da guerra colonial regresou a Portugal, en 1964, viaxando por Europa.

Pese a desmembración do grupo *Os Surrealistas* aínda na década de 1950, Cruzeiro Seixas continuou nun percorrido individual, destacándose sobre todo como deseñador e polos seus obxectos surrealistas. Expón individual e colectivamente, en Portugal e no estranxeiro, entre as que destaca a *Exposição Internacional Surrealista* en Holanda (1969) e a exposición *Marvellous Freedoom – Vigilance of Desire: World Surrealist Exhibition* nos Estados Unidos da América (1976). A súa carreira internacional beneficiouse co feito de unirse ao movemento internacional *Phases* (Paris), liderado polo poeta e ensaísta Édouard Jaguer, o que lle permitiu aparecer en varias exposicións colectivas do grupo, así como participar en diversas publicacións como *Phases*, *Brumes Blondes* ou *La tortue-lièvre*.

Desenvolveu funcións de consultor artístico na Galería de São Mamede (1968 -1974) e dirixiu a Galería da Junta do Estoril (1976-1983) e a Galería de Vilamoura (1985-1988).

Foi homenaxeado polo Presidente da República Portuguesa, Aníbal Cavaco Silva, con o Grande-Colar da Ordem Militar Sant'Iago da Espada, en 2009. En 2012, fixou a súa residencia en Vila Nova de Famalicão (VNF), cidade que le ofreceu diversos homenaxes, asi como:a atribución do seu nome a unha das principais rúas de acceso ao Parque da Devesa, VNF (2013); concedéronlle o título de Doutor Honoris Causa pola Universidade Lusíada de VNF (2014); a Medalha de Honra do Município de VNF, o galardón maior do municipio pola proxección cultural e artística que favoreceu na cidade (2015).

En abril de 2016, regresou a Lisboa, pasando a vivir na Casa do Artista. Este ano estreouse o filme documental *Cruzeiro Seixas - As Cartas do Rei Artur*, realizado por Cláudia Rita Oliveira e galardoado co premio do público – Premio RTP para o mellor filme portugués.

Encontrase representado en diversas coleccións privadas e en institucións como a Biblioteca de Tomar, Biblioteca Nacional, Centro de Arte Moderna da Fundação Calouste Gulbenkian, Fundação António Prates, Fundação Cupertino de Miranda, Fundación Eugenio Granell, Museu de Castelo Branco, Museu do Chiado, Museu Machado de Castro, entre outros.

## . Cestola na cachola. Artista en Residencia. VI edición

Datas: 15 decembro, 2021 – 2022
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Salas 4 e 5. Primeira planta

Levamos varios anos percorrendo Galicia a través do muralismo. Moitos dos nosos traballos están motivados tras solicitar información da zona (historia, oficios, lendas). Buscamos un fío que nos interese e emocione do que tirar, que nos leve á imaxe final. Isto fai que a nosa obra se retroalimente continuamente da contorna e avance na procura dun carácter ou linguaxe propio.

Gustaríanos que o traballo que levásemos a cabo durante estes meses reflicta unha "conclusión" ás nosas obras dos últimos anos. Sen partir dunha premisa pechada, interésanos moito o taller como espazo de investigación e experimentación cara a novos estilos e maneiras de contar a través da pintura e o debuxo.

Xoana Almar e Miguel Peralta

# 6. ACTIVIDADES NA FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

### 6.1 As nosas actividades

## . Maratón de lectura

Continuando co noso obxectivo de promoción e apoio á literatura, un ano máis a Fundación Eugenio Granell organiza o Maratón de Lectura que terá lugar o mércores 26 de maio.

Esta actividade, que non só pon de relevo a obra literaria de Eugenio Granell, senón tamén a doutros escritores, internacionais ou nacionais, cuxa vida e obra, pódense relacionar coa figura de Eugenio Granell e o surrealismo. Está coordinada por Teresa Taboada e iniciouse no ano 1998, dedicándose a Federico García Lorca, artista moi admirado por Eugenio Granell e quen, na súa xuventude, estivo en Galicia, foi un bo amigo de Blanco Amor e escribiu uns poemas en galego.

Nesta ocasión a Fundación Eugenio Granell quere dedicarlle o Maratón de Lectura a Francisco García Lorca irmán menor de Federico García Lorca e, como él pertencente a xeración do 27. Tras a Guerra Civil Española exiliouse aos Estados Unidos, foi crítico literario e profesor da Universidade no Queens College e a partir de 1955, exerce como profesor na Universidade de Columbia en Nueva York. Regresa a Madrid en 1968.

Como todos os anos esperamos ter unha ampla participación, cumprindo co noso obxectivo de ser un maratón aberto á participación de toda a cidadanía e contribuíndo á participación da sociedade civil nos museos, con especial atención as mozas, mozos, terceira idade e colectivos con risco de inclusión.

## *. O Guernica de Picasso, de Eugenio Granell*
## Maratón virtual de lectura

Aproveitando as novas tecnoloxías, este ano, propoñemos un maratón de lectura que una puntos moi distantes do mundo. Empregando como base a tese de doutoramento de Eugenio Granell, *O Guernica de Picasso: A fin dunha era española*. As persoas que se sumen a iniciativa recibirán a proposta para ler un fragmento do “Guernica” coa idea de conseguir a totalidade da obra en distintas voces, e diferentes linguas (castelán, galego, inglés).

A Fundación Eugenio Granell lanzará a convocatoria, ademais de propoñer a quen o reciba que invite a participar a quen crea oportuno, de forma que a iniciativa se estenda pola rede.

A Fundación, sempre coa previa autorización dos participantes, encargarase do tratamento e conservación dos arquivos e de realizar as actuacións necesarias para ofrecelos na web, ou noutros medios de xeito que resulten de interese para a difusión da figura de Eugenio Granell.

A actividade realizarase coa colaboración de Carlos Arias.

## . Valle-Inclán en Compostela

A Fundación Eugenio Granell mantén unha estreita colaboración co Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal. O 7 de marzo, como en cada edición, a efixie de Valle-Inclán situada no compostelá parque da Alameda, será abrigada cunha bufanda vermella.

Este acto, que vén realizando a Fundación Eugenio Granell dende o ano 2007, quere establecer unha conexión coa famosa colocación da bufanda branca na estatua de Valle-Inclán, no paseo de Recoletos, en Madrid, o día do teatro; pero neste caso para conmemorar o regreso real e simbólico de Valle a Compostela e a Galicia, a súa terra de orixe, o 7 de marzo de 1935.

## . 18 e 19 de maio: celebración do Día Internacional dos Museos

Dende a Fundación Eugenio Granell, en colaboración co Centro Galego de Arte Contemporánea, Museo do Pobo Galego, Museo das Peregrinacións, MHN, Museo Casa da Troia, MUPEGA e Museo da Catedral organízanse xornadas de diferentes actividades, tanto individuais como en colaboración con estes centros, que van dende a música, visitas guiadas, xornadas de portas abertas, danza, performances ou diferentes talleres para os máis pequenos.

Ademais os fondos do museo teñen un lugar destacado, realizando visitas que amosan o rico patrimonio que conforma os nosos fondos, así como os traballos que se desenvolven no eido da restauración.

Así a Área de Conservación-restauración do noso Museo organiza a actividade Visita conservada. Outra forma de mirar abrindo un ano máis as portas dos seus almacéns de arte e do taller de conservación-restauración. A visita guiada a través da mirada dun conservador-restaurador, e dentro dun ambiente de debate, percorre os espazos do museo públicos e privados, e o seu diverso patrimonio.

Móstranse os distintos traballos relacionados coa conservación, a restauración, investigación e difusión das colecciónns e das súas exposicións. Sen perder de vista a importancia de defender, protexer e promover a Rede Cultural da cidade, dentro e fóra do museo. Concienciando da necesidade de preservar o Patrimonio Cultural en todas as súas formas, como un ben de todos e para todos. Entrada gratuíta, previa inscrición

## .Celebración do Natalicio de Granell o 29 de novembro

Como vén sendo habitual dende o 2001, ano do falecemento de Eugenio Granell, a Fundación Eugenio Granell celebra a data do nacemento de Eugenio Granell organizando diferentes actos creados ex profeso para cada aniversario.

## . Ciclo de Conferencias "Eugenio Granell. EL EXILIO y su CONTINUO compromiso político"

Este ano a Dirección Xeral de Memoria Democrática do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática concedeu á Fundación a subvención para o proxecto "Eugenio Granell. EL EXLIO y su CONTINUO compromiso político". Un ciclo de conferencias que será realizado neste mes de novembro. Catro conferencias que se celebrarán os mércores de cada semana do mes na segunda planta do Museo, nas salas dedicadas as exposicións de Eugenio.

A través dun ciclo de conferencias difundiremos e daremos visibilidade ao compromiso político de Granell co partido no que militou ao longo de toda a súa vida, o Partido Obrero de Unificación Marxista, POUM, e incidiremos na memoria histórica de artistas e intelectuais republicanos exiliados a causa da Guerra Civil co programa seguinte:

Conferencia: "El exilio gallego en América"

Conferenciante: **María Pilar Cagiao Vila**. Profesora Titular de Historia de América e coordinadora do Grupo de Investigación HistAmérica na Universidade de Santiago de Compostela.

Conferencia: "Joaquín Maurín, de Bonansa a Nueva York, de la revolución al desencanto"
Conferenciante: **Pelai Pagés.** Presidente da Fundación Andreu Nin en Cataluña.
É doctor en historia e profesor de historia contemporánea da Universidade de Barcelona, desde 1975.

Conferencia "Apuntes de una heterodoxia. El POUM"
Conferenciante: **Miquel Coll.** Militante en diferentes organizacións de esquerda, e responsable do sindicato STEPV na Universidade de València de cuio Consello de Goberno foi membro durante máis de 15 anos.

Conferencia: "De la retirada a la resistencia, la continuidad de la lucha del POUM"
Conferenciante: **Enrique del Olmo**. Presidente da Fundación Andreu Nin, sociólogo con estudios de economía con orientación hacia os diversos aspectos deo desenvolvemento tanto na súa visión local como internacional. Na actualidade é Xefe do Departamento de Estudios e Análise da Axencia para O Empleo do Concello de Madrid.

### . Colaboración coa Asociación de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais "Fonte da Virxe"

Seguindo os principios de Eugenio Granell que xa colaboraba con donativos con este tipo de Asociacións, a Fundación Eugenio Granell, mantén dende o ano 2002, a colaboración coa Asociación Fonte da Virxe de familiares e amigos dos enfermos mentais que mantén a súa loita contra o estigma e a discriminación das persoas con enfermidade mental.

Dita colaboración consiste na realización dunha mostra onde se amosan os traballos realizados no Centro de rehabilitación e no Centro Ocupacional da Asociación. Esta actividade xa se converteu nunha tradición que se celebra na Fundación polas datas de Nadal. A mostra está composta por obras realizadas en diferentes técnicas e formatos, dende o traballo con cerámica, coiro, encadernación,...

O obxectivo desta exposición é seguir tentando que a cidadanía coñeza o traballo que realizan estas persoas, e o labor desenvolvido pola Asociación a prol de lograr que este colectivo forme parte activa da sociedade. Persigue tamén, facer un chamamento á sociedade para eliminar os atrancos existentes para a necesaria integración social e laboral deste colectivo.

## 6.2. Outras actividades de produción allea

A Fundación Eugenio Granell dende os seus comezos deu acollida ás diferentes iniciativas e actividades, tanto de particulares como dos diferentes colectivos que conforman a nosa sociedade, ben sexa cun interese cultural implícito (presentación de publicacións, recitais, concertos, cursos...) ou dun marcado interese social, cunha clara vocación de espazo aberto e solidario.

A Fundación mantén no 2021 o seu interese por abrir o seu espazo a diferentes propostas artísticas, entre as que a música xoga un papel fundamental. Dende o estilo clásico ata o máis actual e experimental, estivo presente na Fundación a través de concertos e actuacións nos que a terraza exterior das instalacións funciona como auditorio.

A propia estructura do edificio fai que o espazo sexa polivalente. Isto quere dicir que a sala de exposicións pode transformarse nunha improvisada sala de conferencias, na que

entrarían unha variada selección temática, aínda que sempre deben prevalecer os intereses institucionais.

Non se trata pois dun espazo pechado a certas propostas, senón que constantemente se presentan conferencias que tratan temáticas que poden estar relacionadas coa propia cultura ou ben co contexto social.

.

**CERTIFICADO ACREDITATIVO DA APROBACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN**

**Eu, Belén Hernández Lafuente,** en calidade de secretaria do Padroado da Fundación Eugenio Granell, e co visto bo do Presidente

**CERTIFICO:**

Que de conformidade co establecido nos artigos 18 c), 20.1 a) e 25 dos vixentes estatutos, validamente constituída e co quórum necesario establecido nos mesmos, tivo lugar a **Xunta Ordinaria do Padroado**, celebrada por medios telemáticos segundo correo electrónico enviado a tódolos membros en data 23 de decembro de 2020, dando prazo de emisión de voto e alegacións ata o **28 de decembro de 2020** ás 12:00 horas, data na que se entendeu celebrada a xunta.

Que nesta **Xunta Ordinaria**, aprobouse, pola maioría necesaria establecida nos mesmos, entre outros, o seguinte acordo, sometido á consideración do Padroado, cos seguintes votos:

Xosé Sánchez Bugallo: Voto a favor.
Mercedes Rosón Ferreiro, no seu nome e como concelleira de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural, quen tamén actúa en nome e representación de don Francisco Constenla. : Voto a favor
Xosé Blanco Fondevila: Voto a favor
Daniel Alonso Fernández: Voto a favor
Dona Milagros Castro Sánchez: Voto a favor
Natalia Fernández Segarra: Voto en contra
Elton Anglada: Voto non emitido
Alex Weis: Voto en contra emitido fora de plazo
Daniel Alonso Fernández: Abstención
Belén Hernández Lafuente: Voto a favor
Claudio Rodriguez Fer: Abstención

**-Aprobación do plan de actuación/orzamento e programación de actividades elaborado para o exercicio 2021.**

(A acta desta xunta atópase pendente da aprobación, artigo 26 dos estatutos fundacionais).

E para que conste os efectos oportunos, expido o presente certificado, co visto bo do Presidente do Padroado.

2020.12.30 12:08:56 '00'01+ 16549906A MARIA BELEN HERNANDEZ ((R: V15392319

Firmado por XOSE ANTONIO SANCHEZ BUGALLO - 33210650F el día 30/12/2020 con un certificado emitido por AC CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016